

# **Manuel Álvarez Torneiro, Premio Nacional de Poesía. Desde *Os reinos do fulgor* até *Os ángulos da brasa***

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL\*

## Sumario

Reflexións sobre a poesía de Manuel Álvarez Torneiro, Premio Nacional de Poesía

## Abstract

Manuel Álvarez Torneiro, From *Os reinos do fulgor* to *Os ángulos da brasa*


**M**anuel Alvarez Torneiro tardou moito en publicar polo seu afán de perfeccionamento, pero a partir do seu primeiro libro a súa producción poética non cesa. Con *Memoria dun silencio*, o primeiro libro publicado en 1982, inicia unha obra que na súa totalidade será concibida sempre como un proxecto unitario.

Despois de seis anos sen actividade a colección poética Tambo do Servizo de Publicacións da Deputación Provincial de Pontevedra, que baixo a mesma dirección publicou tres libros do poeta: *Epicentro* (2003), *Setembro Stradivarius* (2004) e *Parábola do incrédulo* (2006), renace no ano 2012 dirixida por Luís Rei Núñez no seo de Faktoría K de Libros con *Os ángulos da brasa*, o último libro de Torneiro, con ilustracións na portada de Fausto Isorna.

Extensa e intensa é a obra do poeta que empezou a publicar tardíamente; primeiro en castelán –*Desnudo en barro* (1983) e *Cenizas en el salmo* (1985), finalistas do premio Esquíos- despois exclusivamente en galego: *Memoria dun silencio* (1982, finalista do premio Cidade da Coruña), *Fértil corpo do soño* (1986, accésit do premio Esquíos), *Restauración dos días* (1986), *As voces consagradas* (1992, accésit do premio Miguel González Garcés), *As doazóns do incendio* (1993), *Rigorosamente humano* (1995), premio Esquíos), *Habitante único* (1997), *Luz de facer memoria* (1999, premio Miguel González Garcés e Premio da Crítica Española), *Campo segado* (2001, premio Miguel González Garcés), *Epicentro* (2003), *A lámpada perpetua* (2003), *Setembro Stradivarius* (2004), *Parábola do incrédulo* (2006) e *Os ángulos da brasa* (2012, premio Ánxel Casal, concedido pola Asociación de Editores ao mellor libro do ano; o premio da Asociación de Escritores/as en Lingua Galega, o da Crítica Española e o Nacional de Poesía).

Na colección Visor de poesía aparece en edición bilingüe galego-castelán libro *Os ángulos da brasa*, Premio Nacional de Poesía, de Manuel Álvarez Torneiro, traducido ao castelán pola profesora Teresa Seara. É importante a difusión dos nosos grandes poetas

\* Concepción Delgado Corral, betanceira, é doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática de Lingua e Literatura do instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.



fóra do territorio galego en edicións bilingües como a presente dándoos a coñecer e mostrando a importancia da poesía galega actual.

Se o tradutor fose Torneiro os poemas en castelán xa non serían os mesmos polo afán do poeta de nunca dar por acabado o traballo coas palabras. A profesora Teresa Seara, aínda que, como afirma Octavio Paz, o texto orixinal xamais reaparece na outralingua, consegue, como tradutora, uns poemas análogos aos orixinais en galego, e, o máis importante, o que Valéry consideraba o ideal da tradución poética: reproduce con medios diferentes efectos análogos, mantendo o interese e a emoción do lector.

A emoción que produce a afirmación do *eu* poeta, mediante imaxes diferentes producidas polos cambios normais do tempo e que conserva a memoria: o neno, o adulto, o *eu* na segunda parte da vida. Esta afirmación do *eu* leva consigo contidos referenciais, onde aparecen vivencias da vida pasada e do vivir diario presente facendo que a obra poética roce a autobiografía. A identificación do *eu* poético co poeta orixina ese pacto que Lejeune considera necesario entre o poeta que escribe sobre si mesmo e o lector que trata de coñecelo mellor, cumpríndose así a premisa de que ler é indagar no outro. Prodúcese a atracción pola procura da *outredade*, un outro que oscila entre a palabra e o silencio, e que desta maneira fai un cultivo util da autobiografía que fascina non só polo que ten de vida senón tamén pola rotunda beleza da arte.

Nos últimos libros, aquí faremos sempre referencia a *Os ángulos da brasa* e á versión en castelán, acentúase o sentimento de fronteira, a consciencia de vivir na segunda parte da vida o que leva a facer a conta da mesma en termos de resta e perda. O *eu* é consciente do rápido paso do tempo, provocador de tantas ausencias e da última lección do mestre: «El maestro recordó un mediodía: treinta y seis años ya./Y pensó (una vez más): «Qué

viejo todo/desde aquellas lecciones.../Tanta sabiduría, y junio ya es noviembre»<sup>1</sup>.

Neste tempo-fronteira identificado co inverno e con recendos das acacias do frío domina o desencanto por un mundo especulativo e deshumanizado simbolizado na cidade, pero o *eu* resistente aínda conserva a esperanza que reside na afirmación da beleza. Oscila entre a palabra e o silencio e se este trae consigo a intensificación do lirismo, a palabra pode afirmar a beleza, que aínda existe no mundo natural, necesaria para non perder a esperanza: «Pero la belleza existe..../Y marzo que aún insiste/en dibujar los ciruelos»<sup>2</sup>.

Ademais da reflexión sobre o home é importante a reflexión sobre as circunstancias do poeta, procurando o seu lugar e actividade no mundo actual e que quizais xa non poderá ser igual: «Las exigencias del presente pasan/ por encima de las liliáceas y de los ornamentos;/ Shakespeare se murió en 1616;/ los poetas ahora meriandan mortadela,/ conducen autobuses de rayo rojo,/ juegan a las cartas con los viejos marineros/que tienen hombros anchos y no saben de Homero;/ los que tampoco leyeron a Edmundo d'Amicis/ ni saben que Platero fue un día adoptado/ por los ángeles de las huertas»<sup>3</sup>.

«Trama de vida» con 30 poemas, «Terrenal y sagrado» con 14 e «Tapiz de ceniza» con 23 son as tres partes nas que se estrutura *Os ángulos da brasa*, última parte, por agora, do libro de contas que constitúe a obra poética de Torneiro, e onde destacan catro temas clásicos: o *tempo fugit*, na conscientia do rápido transcorrer do tempo: «¡Qué extraña vista desde aquí la vida!/ Y fue tan sólo un conjunto/de agostos y octubres replegados/ para esta memoria bajo la lluvia/sorprendida en sí misma»<sup>4</sup>. O *ubi sunt*, preguntando a onde foron os fulgores, as persoas amadas, e a mocidade: «¿Dónde estás esta tarde de cipreses gimientes?...../ ¿Qué consuelo dejaste al pie de tu ausencia?/ Retornaremos a ti los que fuimos cantores./ Retornaremos a ti cuando ya no seamos./ ...juventud de un día»<sup>5</sup>. O *beatus ille*, na exaltación do mundo natural: «He de tirar a estas augas la piedra oscurecida,/ confortar a mis muertos en la hondonada de un insomnio,/ poner en paz la



Manuel Álvarez Torneiro.  
Foto: Santos Díez (Ollo de Vidro-ACAB).

<sup>1</sup> «La última lección», p. 65. *Los ángulos de la brasa*, Colección Visor de Poesía, 2013.

<sup>2</sup> «Barcarola de la belleza», pp. 47-49.

<sup>3</sup> «La última lección», p. 65.

<sup>4</sup> «Extrañamente», p. 95.

<sup>5</sup> «Juventud de un dia», pp. 33-34.

herencia que cabe en una mirada,/ desenterrar la taza en la que figura un nombre/ y complacerme, humano, en la rosa que repite»<sup>6</sup>. E o *carpe diem*, na proclamación do dereito a ser feliz nesta viaxe da vida que, a pesar de todo, o *eu* desexa que non remate nunca: «Nada dejes al azar,/estrena el día..../ Muerde, ahora, con rabia/una manzana reineta:/la tentadora,/ la que nutre,/ la que aún alimenta/ de Edén-identidad»<sup>7</sup>.

A segunda parte da vida áinda pode excitar o home e o poeta, ambos os dous propoñen, cerrando as portas do deber e apagando o aplauso, vivir con calma, no caso de ter tempo, nun retiro humilde contemplando a beleza do mundo natural e sinxelo, algo demorado durante toda a vida: «No sé si tendrás tiempo/ a mirar en calma/ ese cielo con nubes que transitan las tardes,/ la belleza que huye:/ ese tema pendiente demorado una vida»<sup>8</sup>.

A emoción mantense na versión traducida ao castelán do libro *Os ángulos da brasa* áinda que, como ben considera o poeta falando do imprescindible, non hai como «o idioma da estirpe para pedir o pan/e o amor e a fortaleza»<sup>9</sup>.

Despois de tanto e tanto vivido, desde *Os reinos do fulgor* a *Os ángulos da brasa*, o *eu* non se despide de nada e proclama o dereito a soñar como alternativa definitiva nun campo que áinda non está totalmente segado e anuncia novas colleitas.

---

<sup>6</sup> «Proxecto», p.79.

<sup>7</sup> «Esa órbita», p. 77.

<sup>8</sup> «Últimos trabajos», pp. 73-75.

<sup>9</sup> «Quizais o imprescindible», p. 90.